

Resumo de actividades de ambientalización curricular

En relación á ambientalización curricular se avanzou na progresión da incorporación da dimensión ambiental nos recorridos formativos, iniciada no curso pasado, dándose os seguintes pasos:

- a) Remate do proceso de integración harmónica e transversal dos contidos medioambientais dentro das guías docentes do curso 2016-17 das materias de graos e mestrados.
- b) Reunión cos/coas Responsables de Titulación para a difusión ao profesorado dos indicadores e instrumentos didácticos que lles permitan:
 - introducir o concepto de desenvolvemento sustentable.
 - dotar aos estudantes dunha metodoloxía que lles permita encontrar novos recursos medioambientais para os diferentes estudos e ter unha visión crítica e reflexiva desta problemática.
- c) O seguinte paso, realizado cos coordinadores de curso, é un recoñecemento e revisión de accións curriculares concretas, que se están a realizar en cada materia (cabe destacar un aumento do número de profesorado implicado), para ofrecer aos estudantes a oportunidade de:
 - que acaden unha visión sistémica do coñecemento dos fenómenos ambientais
 - e que incorporen nos seus estilos de vida, e na súa futura profesión, principios e fundamentos inspirados nas boas prácticas proambientais.